

Stevenson

- “Esta é a clase de novela que en verdade fará perdurar a nosa literatura e a nosa lingua”.
- “O que importa é que na nosa lingua se escriba un texto literario desta magnitude”.

“Nestes últimos quince días só fun quen de ler unha novela na lingua de Nós. Veño de gozar moitísimo cos lectura de *Costa do Solpor*. Gran novela, extraordinaria. Cando se publica en galego un romance como este todos debemos alegrarnos. Todos os que formamos o humus cultural galego debemos sentirnos satisfeitos, por moitos motivos”. (...)

- “A novela está documentada, ben escrita, fai da metaliteratura o seu arranque e sostén, posúe aventura como poucas veces teño lido nunha novela galega, acción e tensión, pero tamén tenrura e sentimentos”.

- “Estráñame, e creo que debo dicilo, que un monumento como este sexa tan escasamente divulgado pola actualidade do noso país. Temos o pérfido costume de elevar o discurso literario frouxo, evanescente, deliberadamente leve, ideoloxizado ata a extenuación... e calamos ante obras literarias dunha colosal magnitude, como é esta que comento”. (...)

- “Resulta óptimo apostar por valores seguros, pois son os que fan sobrevivir as empresas editoriais. Pero cando aparece unha obra como *Costa do Solpor* todos temos a obriga, por decencia intelectual, de dicir que esta é a clase de novela que en verdade fará perdurar a nosa literatura e a nosa lingua”.

- “Imaxino que non se lerá nos institutos, pois é demasiado extensa. (...) Incluso é probable que reciba algún premio, cando debера recibilos todos. Pero o que en verdade importa é que na nosa lingua, contra corrente e contra o establecido, se escriba un texto literario desta magnitude. Texto que nos leva a reflexionar, ou polo menos lévame a min, sobre o camiño que tomamos hai anos: hiperbolizar as medianías e calar diante do excelso. Stevenson sabe do que falo”.

(‘Culturas’, *La Voz de Galicia*, 2-3-2013, p. 10)